



PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Charlas en institutos de carácter didáctico e informativo

Trataranse temas como conceptos básicos, diversidade sexual, identidade e expresión de xénero, visibilidade lésbica e trans, datos actualizados sobre casos de homofobia, saúde sexual e recomendacións de libros con temática LGTBI+ a quen interese.

Realizaranse dúas sesións de 50 minutos por cada aula de 1º da ESO nos IES.

SEMANA 13 JUNIO: Talleres en IES ALFONSO X O SABIO e IES David Buján

SEMANA 20 JUNIO: Talleres en IES ALFONSO X O SABIO e IES David Buján

Actividades programadas nas Feiras do Temple e de Cambre

Sensibilizar, visibilizar e reivindicar a promoción da igualdade de todas as identidades de xénero e orientacións sexuais, servindo de apoio para o colectivo LGTBI+.

- Stand informativo que contará con material gráfico de apoio como carteis da campaña e trípticos con información sobre el movemento LGTBI+.
- Photocall na Feira de Cambre atendido por un profesional de fotografía onde as persoas poderán sacar fotos co hashtag #OrgulloDeCambre e participar no concurso que estará activo desde o día 11 de xuño ata o 26 de xuño.
- Muro do Orgullo de Cambre. Construirase un muro en cartón e cartulina cheo de ilustracións con caras de persoas referentes e a súa historia. As persoas que participen serán obsequiadas cunha bolsa de tea personalizada cos logos da campaña.

	DATA	HORARIO	ENDEREZO
FEIRA DO TEMPLE	11/06/2022	10:00 - 14:00	Rúa Polígono, O Temple
FEIRA DE CAMBRE	19/06/2022	10:00 - 14:00	Campo da Feira, Cambre

Difusión do contido da Campaña #OrgulloDeCambre en R.R.S.S

- Difusión de actividades programadas na campaña en todas as redes sociais do Concello de Cambre.
- Publicacións periódicas cos contidos da campaña e información didáctica para visibilizar e informar sobre temática LGTBI+ durante todo o mes de xuño.
- Concurso de fotografía activo dende o 11/06/2022 ata o 26/06/2022 cun premio de 200€.